

Concello de Outes

Expediente núm.: 211/2023

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos. Administrativo-a Concello de Outes.

ACTA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR E DESENVOLVEMENTO DO SEGUNDO EXERCICIO DA FASE OPOSICIÓN

Reunidos ás 10:00 horas, na Casa de Cultura do Concello de Outes, o 30 de novembro de 2023, os integrantes do Tribunal cualificador, que se constitúe para valorar as probas relativas ao proceso de selección de Administrativo-a Concello de Outes, os membros do Tribunal cualificador formado por:

Cargo	Identidade
Presidente	D. Andrés Busto Allo
Secretaria	D ^a Juana Pedrosa Leis
Vogal	D ^a Berta Buján Casanova
Vogal	D. Santiago Nieto Romarís (en substitución do titular: D. José Antonio Maceiras Caamaño)
Vogal	D ^a Rosa M ^a Monteagudo Rey
Persoal Asesor	D ^a Irene Espasandín Bermúdez

O acto ten por finalidade levar a cabo dito procedemento de selección. Para elo procédese a:

PRIMEIRO.- Establecer un sistema valoración e cualificación do segundo exercicio que figura nas bases da convocatoria (base 7.3.2), en base as facultades que lle atribúe a base 7.3.1 da xa citada convocatoria ao tribunal. A tal fin e aplicando os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, o tribunal acorda, por unanimidade, establecer unha puntuación máxima de 8 puntos no segundo exame, a razón de 2 puntos por pregunta con resposta correcta, sendo necesario acadar un mínimo de 4 puntos para a superación do mesmo.

SEGUNDO. Realizar e avaliar o segundo exercicio da fase de oposición tal e como se sinala na base SÉTIMA, apartado 7.3.2) da convocatoria.

Os aspirantes foron chamados individualmente para a realización do mesmo.

Unha vez explicada, segundo as bases da convocatoria, a execución da proba, os aspirantes procederon á realización da mesma.

Atendendo aos criterios establecidos no apartado primeiro anterior, a puntuación dos aspirantes e como segue:

Concello de Outes

Rua da Vila 1, Outes. 15230 (A Coruña). Tfno. 981850003. Fax:



Concello de Outes

Identidade do Aspirante	Puntos Obtidos
1. Antelo Cuns, Nerea	4,10
2. Ferreiro Marzoa, Noelia	7,40
3. Filgueira Pazos, M ^a de las Mercedes	4,10
4. García García, Loreto	2,50
5. González Carrera, Socorro	5,80
6. González Martínez, María	5,60
7. Leis Outón, Isabel	3,00
8. Lema Amado, Noelia María	7,20
9. Oviedo Batalla, María	5,30
10. Paradela Vázquez, Rocío	2,80
11. Pintos Capeáns, Jesús Manuel	5,30
12. Rial Filgueira, M ^a Pilar	4,60
13. Sio Docampo, José Manuel	5,80
14. Veira Ferrín, Daniel	5,40

TERCEIRO. Establecese un prazo de reclamacións de tres días hábiles dende a data de publicación desta acta.

CUARTO.- Procédese a resolver as alegacións presentadas polos/as aspirantes á fase de concurso:

1^a.- Vista á documentación presentada por D./D^a. N. M. L. A., con DNI nº ****1120P, en data 23.11.2023 onde expón que "vista a acta coa puntuación do concurso do día 22 de novembro" e "solicita *revisión da miña puntuación na formación pois, salvo erro pola miña parte, xustifico un total de 294 horas. A puntuación tería que ser $294 \times 0.02 = 5.88$* ", o Tribunal de selección, unha vez feita a revisión da documentación que consta no expediente referida ao apartado de formación segundo os criterios establecidos nas bases da convocatoria, base sétima, no seu apartado 7.2.1.b) onde di "...- Por formación directamente relacionada coas materias comprendidas no temario específico que figura no ANEXO II destas bases, e concretamente nos temas 5 a 25; a razón de 0,02 puntos por hora formación..." e "Que so valorarán por unha soa vez os diferentes cursos/accións de formación cun mesmo obxecto ou referidos a unha mesma materia (agás que quede claramente constatado que o contido tivera sido diferente, ou que se tratase de actualizacións); valorándose, unicamente, o de nivel superior, avanzado ou, de resultar coincidentes, o de data máis próxima..."

ACORDA: Desestimar a antedita reclamación mantendo a mesma puntuación que está recollida na listaxe provisional publicada no seu día referida da fase de concurso, no seu apartado b (formación específica)

2^a.- Vista á documentación presentada por D./D^a. M. O. B., con DNI nº ****9507Q, en data 23.11.2023 onde expón que " VISTA A PUBLICACIÓN DA ACTA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR E VALORACIÓN DA FASE DE CONCURSO CORRESPONDENTE AO PROCESO DE SELECCION DE PERSOAL: ADMINISTRATIVO. VISTO QUE NON SE ME OTORGA NINGUNHA PUNTUACIÓN NA FASE DE EXPERIENCIA PROFESIONAL, TENDO PRESENTADA A DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA PARA A SUA OPORTUNA VALORACIÓN" e solicita "SE REVISE A



Concello de Outes

ACTA PUBLICADA, SE TEÑA EN CONSIDERACIÓN A DOCUMENTACIÓN APORTADA Y SE PROCEDA A ENMENDA DO ERRO” o Tribunal de selección, unha vez revisada a documentación que consta no expediente referida ao apartado de experiencia profesional segundo os criterios establecidos nas bases da convocatoria, base sétima, no seu apartado 7.2.1.a)

ACORDA: Estimar a antedita reclamación corrixindo a puntuación referida da fase de concurso, no apartado a (experiencia profesional) sendo a puntuación definitiva 6,00 puntos.

3ª.- Vista á documentación presentada por D./D^a. L. G. G., con DNI nº ****3803A en data 29.11.2023 onde expón que *“publicada la lista de valoración de la fase de concurso del procedimiento selectivo para la cobertura temporal de la plaza de Admtvo del Concello de Outes, observo que no se tuvo en cuenta la experiencia profesional que se acredita mediante certificación de servicios prestados en el Concello de Ribeira”* e solicita *“que se tenga en cuenta dicha documentación”*, o Tribunal de selección, unha vez feita a revisión da documentación que consta no expediente referida ao apartado de experiencia profesional segundo os criterios establecidos nas bases da convocatoria, base sétima, no seu apartado 7.2.1.a.2), onde di *“Que a acreditación dos servizos prestados que teñan sido alegados polas persoas aspirantes, e cuxa valoración pretendan, realizárase mediante a achega da a seguinte documentación xustificativa: No caso de servizos prestados en réxime laboral, mediante contrato de traballo, xunto con certificación de vida laboral acreditativa de ditos servizos e expedida polo órgano competente da seguridade social. No caso de que os servizos prestados fosen como persoal funcionario, mediante resolución do nomeamento e/ou a toma de posesión, xunto con certificación de vida laboral acreditativa de ditos servizos e expedida polo órgano competente da seguridade social”*

ACORDA: Desestimar a antedita reclamación mantendo a mesma puntuación que está recollida na listaxe provisional publicada no seu día referida da fase de concurso, no seu apartado a (experiencia profesional)

O presidente dá por terminada a reunión ás 14:30 horas.

